



COSTA DA ILLA DE AROUSA

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2018




Distancia: km (lineal, en coche) + camiñadas

Dificultade: baixa

O concello da Illa de Arousa ocupa a illa do mesmo nome, situada no interior da ría de Arousa, fronte ás costas de Vilanova de Arousa. É a illa máis grande de Galiza (6 km de lonxitude e 7 km² de superficie) e a máis poboada. Está unida a terra desde 1985 por unha ponte de 2 km de lonxitude. Foi o último concello de Galiza en constituírse, no ano 1997.

As principais actividades son o marisqueo, a pesca e o cultivo de mexillón en bateas.



- 1-A Ponte
- 2-Praias Vao Norte ou da Canteira
- 3-Punta e praia de Riasón
- 4-Punta e praia do Aguillón
- 5-Praia Sapeira
- 6-Porto e praia de Cabodeiro
- 7-Punta do Furado
- 8-Punta do Aguiúncho
- 9-Praia e porto dos Carcamáns
- 10-Porto do Xufre
- 11-Praia do Naval
- 12-Praia das Rubas. Punta do Naval
- 13-Praia do Arroás
- 14-Punta do Campelo
- 15-Praia e punta da Cova
- 16-Praia do Naso
- 17-Praia do Faro. Punta do Cabalo
- 18-Praia Sualaxe
- 19-A Escorregadoira
- 20-Praia de Area da Secada
- 21-Punta Barbafeita
- 22-Punta do Niño de Corvo
- 23-Punta dos Testos
- 24-Con Retellado
- 25-Semoíño
- 26-O Campo
- 27-A Salga. O Regueiro
- 28-Praia da Abileira ou da Comboa
- 29-Pedra do Sal
- 30-Praia de Gradín
- 31-Punta Ouriceira
- 32-Praia do Mallón. Muíño de vento
- 33-Enseada de Espiñeiro
- 34-Punta de Arruda
- 35-Punta de Quilmas
- 36-As Aceñas
- 37-Enseada da Brava
- 38-As Saiñas

- 39-Praias dos Espiños
- 40-Punta e praia do Revello.
- 41-Punta do Carreirón
- 42-Punta do Castelo
- 43-Punta da Cruz
- 44-Cova do Fiel. Praias das Margaridas, Porto das Mulleres, Lontreira e do Fiel.
- 45-Punta Banqueira. Praia das Agullas ou Dente do Can
- 46-Punta Lameira. Lagoa.
- 47-Praia Lameira
- 48-O Galiñeiro. As Rans.
- 49-Punta e praia da Arnela
- 50-Punta de Xastelas
- 51-Praia de Xastelas
- 52-Punta e praia das Saiñas
- 53-Punta e praia de Conserrado
- 54-Praia Lavanqueira
- 55-Praia Camaxiñas
- 56-Praia Camaxe
- 57-Con da Mula
- 58-Praia do Vao



Vista aérea da Illa de Arousa

A Illa de Arousa conta cuns 36 km de costa na que alternan as zonas rochosas, as enseadas, as praias e as dunas.

No extremo sur acolle o Espazo Natural “O Carreirón” incluído no LIC Ons-O Grove, de gran interese pola flora das dunas e a presenza de aves acuáticas.

A costa de Illa de Arousa dá para facer moitos roteiros se se quere camiñar e coñecer cada recuncho. Nos propoñemos un achegamento en coche para comezar por coñecer algúns dos puntos máis destacados.



PERCORRIDO

Cruzamos a **ponte**, entramos na Illa de Arousa e, na segunda rotonda collemos o desvío á dereita que segue a costa ata o porto. Imos pasando por unha sucesión de areais ata chegar ao **porto e praia de Cabodeiro**. Seguimos ata a **punta do Aguiúncho**, onde se atopa o porto novo e del pasamos ao **porto do Xufre**, continuando pola beira ata a **praia do Naval**. Alí desviámonos da costa para seguir o camiño do **faro**, outro punto de parada obrigada. Volvemos atrás e collemos á dereita para achegarnos á **praia da Area da Secada**, desde onde podemos facer un pequeno percorrido ata a **punta de Barbafeita**, onde hai unhas fermosas vistas e rochas de formas curiosas. Seguimos o percorrido afastándonos un pouco da costa e logo pasamos ao pé do IGafa, e máis adiante atopamos o desvío (á esquerda) para subir ao miradoiro do **monte do Santo**, desde o que temos panorámicas de toda a illa e da ría. De volta na estrada continuamos cara ao centro da localidade para dar unha volta pola zona do **Campo** (outro dos portos) e do **Regueiro**. Seguimos logo ata a estrada principal e desviarnos logo ao instituto para achegarnos á **praia da Comboa**, desde onde podemos ir tamén á **Pedra do Sal**, un punto con boas vistas da enseada. A estrada máis achegada á costa lévanos á **praia de Espiñeiro** (no camiño veremos á esquerda a torre do **muíño de vento**) e, desde alí, podemos facer un desvío á **punta de Quilma**, ou continuar ata a estrada principal para ir por ela ata **As Aceñas**, onde se atopa o muíño de marea. Á volta atoparemos á dereita o indicador da estrada que nos leva á entrada do **Parque Natural do Carreirón**, que só se pode percorrer a pé ou en bicicleta. Volvemos de novo á estrada principal e por ela chegamos á rotonda na que comezamos o percorrido. Collemos á dereita e na seguinte rotonda facemos un desvío para ver as praias da zona do **Vao**. Todo este percorrido pode facerse máis preto da costa en bicicleta, alternando pistas asfaltadas e camiños de terra ou paseos acondicionados.




Illa de Arousa, vista aérea



1-A Ponte



2-Praias Vao Norte ou da Canteira





3-Praia e punta de Riasón




4-Praia do Aguillón ou Ximeliño



5-Praia Sapeira



6-Porto e praia de Cabodeiro



7-Punta do Furado




8-Vista aérea desde a Punta do Aguillón á punta do Furado



8-Praias e punta do Aguiúngo, co novo porto



8-Os Petóns




8-Punta do Aguiúngo



9-Praia dos Carcamáns e O Xufre



10-Porto do Xufre



11-Porto e praia do Naval






12- Punta do Naval



12-Praia das Rubas



14-Punta do Campelo





15-Praia e punta da Cova



16-Praia do Naso



17-Praia do Faro e punta do Cabalo



Con do Faro

As rochas dominantes na Illa de Arousa son os granitos que aparecen por toda a costa formando penedos de figuras curiosas que se poden percorrer nunha ruta indicada polo concello (Ruta dos Cons).



Punta Cabalo e faro



18-Praia Sualaxe



19-A Escorregadoira



Con da Escorregadoira



20-Area da Secada e punta Barbafeita



20-Praia de Area da Secada, A Escorregadoira e Punta Cabalo co faro



Dunas entre Area da Secada e punta Barbafeita



21-Punta Barbafeita



Cons na Punta Barbafeita



Con dos Tres Pés, na punta de Barbafeita



22-Punta do Niño de Corvo



23-Punta dos Testos





Curiosa forma de erosión en capas nas rochas da punta de Testos



24-Con Retellado



Vista panorámica da Illa de Arousa desde o Con do Forno, ou monte do Santo, o cume máis alto da Illa de Arousa (63 m), onde hai un miradoiro que domina a illa e a ría.



25-Semoiño



Peirao de Pau, O Campo.



26-O Campo.



27-A Salga



28-Praia da Abilleira ou da Comboa



29-Pedra do Sal




30-Praia de Gradín



31-Punta Ouriceira



32-Praia do Mallón



Torre do muíño de vento



33-Enseada de Espiñeiro



Vista aérea, desde a Punta de Testos ata a Punta de Arruda



34-Punta de Arruda



35-Punta de Quilmas



O Areoso desde a Punta Quilmas



Cons en Punta de Quilmas



36-As Aceñas. A acea de marea, situada na enseada da Brava. Contaba con tres moas, unha para trigo e dúas para millo.



37-Enseada da Brava

Desde a Punta Quilmas ata o remate da praia de Xastelas a costa está protexida no Espazo Natural O Carreirón, dentro do LIC/ZEC "Ons-O Grove". No Carreirón hai unha grande diversidade de ecosistemas: areais e praias, dunas, zonas rochosas, mato e zonas húmidas... A flora de maior valor ecolóxico atópase nas dunas onde se poden localizar numerosas especies protexidas. É lugar de invernada de aves limícolas.



38-As Saiñas



Mazaricos rabipintos (*Limosa lapponica*) na Saiñas



Un grupo de garzas (*Ardea cinerea*) nas Saiñas



39-Praias dos Espiños



Xunqueira entre a Punta Revello e Os Espiños



40-Punta e praia do Revello.



Curiosa rocha na enseada da Brava.



Adela Leiro

Piñeiro na praia do Revello.



41-Punta do Carreirón



42-Punta do Castelo



43-Punta da Cruz



Punta da Cruz



44-45-Cova do Fiel desde a Punta Banqueira.
No interior desta enseada atópanse as praias das
Margaridas, Porto das Mulleres, Lontreira e do Fiel.



44Praias na Cova do Fiel



46-Punta Lameira. Lagoa.



Lagoa do Carreirón



Praia Lameira desde a punta Arnela.



48-O Galiñeiro



49-Punta e praia da Arnela



50-Punta de Xastelas



51-Praia de Xastelas



Plantas na praia de Xastelas

Linaria arenaria, unha planta dos areais que só se atopa no oeste de Franza e en Galiza, onde cada vez é máis rara. Un dos poucos lugares onde vive é nas praias do Carreirón.





52-Punta e praia das Saíñas



53-Punta e praia de Conserrado



Con do Crocodilo na praia de Conserrado




54-Praia Lavanqueira



55-Praia Camaxiñas



56-Praia Camaxe



57-Con da Mula



Moitos dos areais da Ila da Arousa son ricos bancos marisqueiros.



58-Praia do Vao



Bateas e barcos bateiros



Dornas na praia do Vao



Carrán (*Thalasseus sandvicensis*)



A Illa de Arousa é un magnífico lugar para pasear e para gozar da tranquilidade, dos horizontes abertos, da frescura do aire, das luces incomparables da mañán ou do solpor, da natureza e a paisaxe, e do mar. E para facer todo isto máis doado conta con percorridos variados, atractivos e ben acondicionados.